

# NORMAS POLA QUE SE FIXAN OS PREZOS PÚBLICOS CORRESPONDENTES AOS ESTUDOS NO CONSERVATORIO E NA ESCOLA DE MÚSICA DA ESTRADA.

## Obxecto e ámbito de aplicación.

Mediante estas normas apróbanse os prezos públicos das ensinanzas de música no Conservatorio Profesional de Música e na Escola de Música Municipal da Estrada. Así mesmo establece o réxime de bonificacións e exención que se lles aplicarán.

O alumnado que curse estudos de música no Conservatorio Profesional de Música ou na Escola de Música Municipal da Estrada aboará os prezos públicos correspondentes a primeira inscrición (1º ano), servizos xerais (todos os cursos) e o curso completo, determinado nas instrucións para cumprimentar o impreso de matrícula destas normas, segundo as ensinanzas de que se trate.

## Actualización de prezos

A actualización de prezos públicos correspondentes ás ensinanzas establecidas nesta norma, será fixada por decreto do Concello da Estrada.

## Procedemento para a liquidación dos prezos públicos

A liquidación dos prezos públicos será realizado polo interesado e de acordo ao impreso normalizado que poderá recoller no conservatorio, ou descargalo na rede e axustarse ás seguintes instrucións:

### INSTRUCCIÓNS PARA CUMPRIMENTAR O IMPRESO DE MATRÍCULA.

- DATOS PERSOAIS;
  - Cubrir os datos do alumno/a, os do pai ou nai se este fose menor de idade, así como a lugar e data de nacemento do mesmo, un correo electrónico que consulten con frecuencia , dirección e nº de tlfno.
- CONCEPTOS ECONÓMICOS;
  - O importe da matrícula estará condicionado pola forma de pago, si é alumno/a novo, familia numerosa... En calquera caso axustarse a seguinte táboa:

### GRAO ELEMENTAL

Formas de Pago	Familia Numerosa								
				Cat. Xeral			Cat Especial		
	100%	60%	40%	100%	60%	40%	100%	60%	40%
Curso completo	222,77	133,66	89,11	111,39	66,83	44,56	55,70	33,42	22,28
Disciplinas soltas	74,26	44,56	29,70	37,13	22,28	14,85	18,56	11,14	7,42
Primeira inscrición	18,53	11,12	7,41	18,53	11,12	7,41	18,53	11,12	7,41
Servizos xerais	11,17	6,70	4,47	11,17	6,70	4,47	11,17	6,70	4,47

Formas de Pago: Os alumnos/as poderán optar por facer un só pago de 100% da matrícula ou facer dous pagos, un do 60% no momento de formalizala e outro do 40% no mes de xaneiro.

Curso completo: Será abonado por todos os alumnos/as, agás aqueles que só cursen unha ou dúas materias soltas. Terán o desconto que lle corresponda os alumnos/as pertencentes a familia numerosa.

Disciplinas soltas\*: Importe por cada unha e só para aqueles que cursen asignaturas soltas, para os alumnos/as que cursen dúas especialidades distintas (abonarán un curso completo e unha materia solta da outra especialidade) e para os que teñan materias pendentes doutros cursos (abonarán un curso completo e as materias que teñan pendentes). Terán o desconto que lle corresponda os alumnos/as pertencentes a familia numerosa.

Primeira inscrición: Só para aqueles que se matriculen por 1ª vez. Non ten desconto por familia numerosa.

Servicios xerais: Para todos os alumnos/as . Non ten desconto por familia numerosa. Total

a ingresar: Importe a ingresar na entidade bancaria, resultado da suma dos conceptos anteriores que lle corresponda.

OS ALUMNOS/AS PERTENCENTES A FAMILIA NUMEROSA, DEBERÁN DE ADXUNTAR AO IMPRESO A COPIA DO TÍTULO QUE ASÍ O CONFIRME.

## GRAO PROFESIONAL

Formas de Pago	Familia Numerosa								
				Cat. Xeral			Cat Especial		
	100%	60%	40%	100%	60%	40%	100%	60%	40%
Curso completo	445,56	267,34	178,22	222,78	133,67	89,11	111,39	66,83	44,56
Proba de acceso	74,26			37,13			18,56		
Disciplinas soltas	111,44	66,86	44,58	55,72	33,43	22,29	27,86	16,71	11,14
Primeira inscrición	18,53	11,12	7,41	18,53	11,12	7,41	18,53	11,12	7,41
Servicios xerais	11,17	6,70	4,47	11,17	6,70	4,47	11,17	6,70	4,47

Formas de Pago: Os alumnos/as poderán optar por facer un só pago de 100% da matrícula ou facer dous pagos, un do 60% no momento de formalizala e outro do 40% no mes de xaneiro.

Curso completo: Será abonado por todos os alumnos/as, agás aqueles que só cursen materias soltas. Terán o desconto que lle corresponda os alumnos/as pertencentes a familia numerosa.

Proba de acceso: Esta cantidade abonarase como paso previo a realizar os axámes de acceso ao Grao Profesional. Realizarase nun só pago e terán desconto que lle corresponda os alumnos/as pertencentes a familia numerosa.

Disciplinas soltas\*: Importe por cada unha e só é para aqueles que cursen asignaturas soltas, para os que teñan materias pendentes doutros cursos (abonarán un curso completo e as materias que teñan pendentes). Terán o desconto que lle corresponda os alumnos/as pertencentes a familia numerosa.

Primeira inscrición: Só para aqueles que se matriculen por 1ª vez. Non ten desconto por familia numerosa.

Servicios xerais: Para todos os alumnos/as . Non ten desconto por familia numerosa. Total a ingresar: Importe a ingresar na entidade bancaria, resultado da suma dos conceptos anteriores.

- ESPECIALIDADE E CURSO;
  - Marcar a casiña no caso de pertencer a familia numerosa, cubrir o curso e a especialidade, así como as materias soltas no caso de cursar estas.
  - Poñer data e asinar o impreso.

Unha vez cuberto o impreso, deberán de imprimilo e presentalo na oficina do conservatorio, xunto co xustificante bancario. O ingreso realizarase no nº de conta que figura na parte inferior do impreso.

OS ALUMNOS/AS PERTENCENTES A FAMILIA NUMEROSA, DEBERÁN DE ADXUNTAR AO IMPRESO A COPIA DO TÍTULO QUE ASÍ O CONFIRME.

### **Pago fraccionado**

Esta forma de pago é unha facilidade que se lle da aos interesados, non para fraccionar o curso. Se un/unha alumno/a, que fracionase o pago, se da de baixa ao longo do curso, estará obrigado a pagar a totalidade do mesmo.

### **Ampliación de matrícula**

Cando a un/ha alumno/a, logo da correspondente solicitude, se lle conceda a ampliación de matrícula e se teña que matricular no seguinte curso, poderá facer o pago fraccionado das taxas realizando o 60% no mes de xaneiro e o 40% restante no mes de abril.

### **Traslado de matrículas**

Cando un/unha alumno/a se traslade dun conservatorio de música da Consellería de Cultura e Educación ou de outro conservatorio municipal, ao noso conservatorio, os prezos pagados pola matrícula no primeiro deles cobren a prestación do servizo en todo o curso académico, polo que o Conservatorio da Estrada non esixirá un novo ingreso polos mesmos conceptos. Non podemos garantir, nos traslados dende o noso centro, que o conservatorio ao que se traslade aplique unha norma similar.

### **Devolución de prezos públicos**

Poderase solicitar a devolución das taxas de matrícula, sempre que presente a solicitude de devolución na secretaría do centro e se axuste as seguintes condicións:

- Deberase xustificar os motivos polo que se presenta.
- O/a alumno/a non podería ter asistido a ningunha clase.
- Poderá presentarse, como máximo, ata o 30 de setembro.

O importe da devolución será polas taxas de curso completo e primeira inscrición, se é o caso, nunca se devolverá o importe por servizos xerais.

Unha vez comezadas as clases, e se asiste a elas, non se devolverá importe algún. Se ao longo do curso o/a alumno/a se da de baixa, e tivese o pago fracionado, deberá aboar a totalidade da matrícula.

\* Como normativa xeral os alumnos/as cursarán o curso completo e se fose o caso, curso completo máis as materias pendentes do curso anterior.

#### CASOS EXCEPCIONAIS NA ESCOLA DE MÚSICA

- Curso preparatorio de acceso a grao profesional: matricularase en dúas disciplinas soltas (linguaxe musical e instrumento)
- Alumnos/as que rematen 4º curso de grao profesional, e por causa xustificada a valorar polo Claustro e Consello Escolar, poderán optar a cursar a asignatura de instrumento como disciplina solta.